

PROCEDEMENTO: CT213A – Subvencións a festivais de artes escénicas, convocatoria 2025

ASUNTO: Resolución de nomeamento da Comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 12 de marzo de 2025, no Diario Oficial de Galicia, nº 58, publicouse a Resolución do 12 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT213A).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que, constituirase unha comisión de valoración para a avaliación das solicitudes presentadas.

A Comisión de valoración será nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic e estará integrada por:

- a) Dúas persoas do cadro de persoal da Agadic para a avaliación dos criterios automáticos das cales unha exercerá como presidente.
- b) Tres persoas expertas do ámbito escénico para a avaliación dos criterios técnicos.
- c) Unha persoa do cadro de persoal da Agadic, que fará as funcións de secretaría da comisión, con voz e sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"A condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.
2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 15 das bases terá a seguinte composición:

- Como persoas do cadro de persoal da Agadic para a avaliación dos criterios automáticos:
 - María Paredes Rodríguez, en calidade de presidenta
 - Marcelina Calvo Domínguez, en calidade de vogal
- Como persoas expertas do ámbito escénico para a avaliación dos criterios técnicos:
 - Miguel Alfaya Solla, en calidade de vogal
 - Paula Quintas Santos, en calidade de vogal
 - Roberto Salgueiro González, en calidade de vogal



- Como persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretaría da comisión:

Laura Sanz Lorenzo

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

